

## O desembarco de Normandía e o meu amigo Lupe

Ton Blanco Carballo |

Estes días en que se celebra o setenta aniversario do desembarco de Normandía, veume novamente á memoria a vida do meu amigo James Carney, que formou parte, como soldado, das forzas norteamericanas que arribaron á Francia ocupada polos nazis.

James Carney naceu en Chicago en 1924. Iniciou os estudos de enxeñería civil, pero víronse truncados ao ano e medio, en 1943, cando recibiu unha carta do exército estadounidense chamándoo para se incorporar a filas en plena Segunda Guerra Mundial. James Carney era rebelde e inconformista, e desde o primeiro momento non lle gustou a forma en que os sarxentos e oficiais trataban a tropa, *“con linguaxe insultante e obscena, e castigos degradantes”*.

Do mesmo modo, rebelouse contra o sistema de segregación e privilexios dos oficiais, que dispoñían de boas vivendas separadas do resto, comedor exclusivo e un club ao que a tropa tiña o acceso restrinxido. Considerou que este era un sistema antidemocrático, e así llo fixo saber ao coronel ao mando, o que lle carrexou varios arrestos.

James Carney ingresou na Infantería e, segundo as súas palabras, *“a desvantaxe da infantería era que todos sabiamos que a metade de nós probablemente nunca regresaría, iamos ser carne de matadoiro”*.

Por ter iniciados estudos de enxeñería, ofrecéronlle acudir á escola de oficiais e en catro meses converterse en tenente, pero rexeitouno por una simple escolla de identificación coa clase traballadora. A mesma oportunidade brindáronlla en Inglaterra e despois en Francia, pero igualmente volveu desestimada.

En 1944, tras o período de instrución no forte Benning, foi destinado ao forte Chaffe en Arkansas, onde tiña a súa base a División 100 de infantería que se preparaba para a invasión de Francia. Transcorridos tres meses enviáronos a Nova York para embarcar rumbo a Inglaterra e, tras quince días de navegación, arribaron ao porto de Liverpool. De alí destinárono a Londres cunha compañía de enxeñeiros da División 100, co obxectivo de axudar na reconstrución da cidade destruída polos bombardeos alemáns; levantaron casas prefabricadas para os que perderan as súas vivendas: *“Todos os días caían sobre Londres mentres eu estaba aí V-1 e V-2, asubiaban e destruíron todo o que construímos”*.

James Carney desembarcou no porto francés de Le Havre, Normandía. Traballaba no corpo de enxeñeiros como soldado, quitando minas, abrindo camiños, preparando estradas e ensamblando pontes Bailey.

Pero á marxe dese traballo, o que o marcou e conmocionou foi descubrir en Francia a miseria e a pobreza causada pola devastadora Segunda Guerra Mundial; aí tivo por primeira vez constancia da conciencia social. A visión de refuxiados franceses, *“nenos, mulleres e anciáns pelexando por conseguiren calquera desperdicio que os soldados tirabamos despois de comer”*, rebelouno contra a desigualdade e inxustiza entre os seres humanos.

Por unha desavinza cun oficial, foi arrestado e destinado a unha compañía da Policía Militar en Marsella, onde o exército norteamericano estaba ao mando dun campo de prisioneiros con varios miles de alemáns. Contoume que eses seis meses foron moi

duros para el por dous motivos. Por unha parte, os seus novos compañeiros soldados transformáranse en policías; non sentía empatía con eles e, ademais, era alleo a aquel mundo de prisioneiros, aramados e torretas con metralladoras. A segunda razón, a que máis impacto lle causou, foi descubrir nos arredores de Marsella un inmenso campo de refuxiados árabes do norte de África que fuxiran da guerra e estaban en Francia esquecidos e desatendidos: *“Vivían coma animais, practicamente espidos, durmindo na terra, os nenos nus, comendo calquera desperdicio que puidesen conseguir, enfermos, sucios, sen latrinas”*. Para James Carney este foi o seu primeiro contacto co Terceiro Mundo, esa escena conmocionouno e levouno a reflexionar sobre a inxustiza e a desigualdade de oportunidades entre as xentes dos países pobres e os desenvolvidos.

En abril de 1945, James Carney foi trasladado ao 5.º Exército, preto de París. Alí escoitou a noticia de que a súa antiga División 100 de infantaría, entre mortos e feridos, fora practicamente aniquilada na batalla de Bulge, a derradeira e desesperada ofensiva dos alemáns antes de se retiraren de vez de Francia e Bélxica. Permaneceu no exército ata o ano 1946.

O meu amigo James Carney morreu, pero non en combate en Francia, senón en Honduras, tras ser capturado, secuestrado, torturado e asasinado polo exército dese país en 1983. O seu corpo nunca apareceu, e os autores materiais e intelectuais do crime nunca foron xulgados.

James Carney regresou aos Estados Unidos ao terminar a Segunda Guerra Mundial. Retomou os seus estudos na Universidade, compaxinándoos cun traballo na fábrica Ford en 1947.

En 1948 ingresou na Compañía de Xesús e en 1962, con 38 anos de idade, marchou a Honduras a traballar. Pero era inconformista, un alma libre, así que se nacionalizou hondureño e, a contracorrente do que facían algúns xesuítas norteamericanos, que se relacionaban cos mandatarios das compañías bananeiras,

James Carney tomou postura polo campesiñado. Mudou o seu nome polo de Lupe e dedicou todo o seu tempo a denunciar os abusos das compañías bananeiras, os terratenentes, a embaixada norteamericana e o capitalismo en si, ao tempo que se puña do lado do pobo aldraxado e empobrecido, o que provocou un rexeitamento oficial á súa persoa e, ao cabo, a súa expulsión de Honduras en 1979.



Alí, en Centroamérica, foi onde o coñecín e tiven o pracer e a honra de traballar con el durante varios anos. O noso querido amigo Lupe, finalmente, incorporouse á guerrilla como última opción para combater séculos de fame, corrupción, mortandade infantil, eleccións fraudulentas e golpes de Estado continuos.

Con 59 anos e algúns problemas de saúde, integrouse nunha columna guerrilleira, dando o paso

supremo no seu compromiso de acompañar outros revolucionarios hondureños coma el no arriscado mundo da loita na selva, para tentar establecer a xustiza e a equidade. Sobre a súa morte, a versión máis estendida e acreditada é que, despois de sufrir crueis torturas, guindárono desde un helicóptero, en plena selva.

A súa persoa e o seu traballo permanecen vivos no pobo.

\* O autor é colaborador da [Fundación 10 de Marzo](#) de CCOO de Galicia